

## CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

*Corrección de erros.-Resolución do 2 de novembro de 2009, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dá publicidade ás festas laborais de carácter local para o ano 2010, correspondentes aos concellos das catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia.*

Advertidos erros na devandita resolución publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 227, do 19 de novembro de 2009, é necesario facer as seguintes correccións:

-No anexo I, provincia da Coruña, na páxina 18.017, onde di: «46. Mazaricos: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 25 de xuño, Festas», debe dicir: «46. Mazaricos: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 24 de xuño, Festas».

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*Orde do 3 de marzo de 2010 pola que se convocan para o ano 2010 as axudas para a execución de medidas de promoción do sector vitivinícola en mercados de países terceiros.*

O Real decreto 244/2009, do 27 de febreiro, para a aplicación das medidas do programa de apoio ao sector vitivinícola español, recolle o conxunto de disposicións que desenvolven o programa de apoio do sector para a aplicación do novo marco normativo, co obxecto de contribuír á mellora da competitividade do sector vitivinícola español, dentro das que se encontran aspectos relativos á promoción nos mercados de terceiros países.

Esta medida persegue fomentar o coñecemento das características e calidades dos viños españois, co fin de contribuír á mellora da súa posición competitiva e a consolidación ou, de ser o caso, á apertura de novos mercados en terceiros países.

O citado Real decreto 244/2009 atribúe aos órganos competentes das comunidades autónomas onde se localice o domicilio social do solicitante, a instrución, a resolución e o pagamento das axudas.

Mediante a Orde do 13 de marzo de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para a execución de medidas de promoción do sector vitivinícola en mercados de países terceiros, fixéronse as normas necesarias para establecer o procedemento de aplicación do mencionado real decreto no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, respecto das solicitudes presentadas por beneficiarios que teñan o seu domicilio social nela e poder facer efectivas as axudas dependendo das dispoñibilidades orzamentarias.

Unha vez aprobados polo Consello da Xunta de Galicia os orzamentos da comunidade autónoma para o exercicio 2010, procede realizar a convocatoria destas axudas para o dito exercicio.

En consecuencia, de acordo co disposto no artigo 30.I.3º do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das facultades que me confire a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia,

### DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

O obxecto desta orde é convocar para o ano 2010 as axudas para a execución de medidas de promoción do sector vitivinícola en mercados de países terceiros, cuxas bases reguladoras foron aprobadas mediante a Orde do 13 de marzo de 2009 (DOG nº 53, do 17 de marzo).

Artigo 2º.-*Convocatoria das axudas.*

Convócanse para o exercicio orzamentario 2010, en réxime de concorrencia competitiva, as axudas para a execución de medidas de promoción do sector vitivinícola en mercados de países terceiros, sendo as súas bases reguladoras as contidas na Orde do 13 de marzo de 2009.

Para a convocatoria de 2010 serán atendibles os gastos realizados entre o 1 de agosto de 2010 e 31 de xullo de 2011.

Támén se poderán solicitar programas plurianuais para realizar ata o 31 de xullo de 2013.

Artigo 3º.-*Solicitudes e procedemento de xestión.*

As solicitudes, documentación, condicións e procedemento de xestión das axudas serán as recollidas na Orde do 13 de marzo de 2009 (DOG nº 53, do 17 de marzo) pola que se estableceron as bases reguladoras destas axudas. Como anexos a esta orde inclúense o modelo de solicitude (anexo I) e a documentación complementaria que se deberá presentar xunto con ela (anexo II, VI e VII).

No caso de solicitantes que presentaran na convocatoria do ano 2009 programas para o período 2010-2011 poderán acollerse ao establecido na letra f) do artigo 35 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións e do procedemento administrativo común, e terán que presentar documentos que xa se encontren en poder da Administración, para o que se ratificarán na solicitude presentando o anexo I-B. De non presentar o dito anexo I-B entenderase que o interesado renuncia ao programa para o dito período.

Artigo 4º.-*Prazo de presentación de solicitudes.*

O prazo de presentación de solicitudes para esta convocatoria rematará o día 31 de marzo de 2010.

Artigo 5º.-*Financiamento das axudas.*

1. As axudas que deriven da aplicación de esta orde proceden do Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga) e estarán financiadas con cargo á aplicación orzamentaria 13.04.713D.770.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010.

2. A súa dotación para o exercicio 2010 será de 1.000.000 euros. Para exercicios futuros, tamén con cargo á aplicación orzamentaria 13.04.713D.770.0, disporase de 250.000 euros para o exercicio 2011 e 250.000 euros para o exercicio 2012. Estas dotacións poderán verse incrementadas con outros remanentes orzamentarios, sen prexuízo de posteriores